

PLAN DE IGUALDADE

CEIP DE MARCÓN

DATA: NOVIEMBRE 2019

Contenido

1-INTRODUCCIÓN.....	3
2-XUSTIFICACIÓN	3
3- CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.....	4
3.1 Contextualización normativa:	4
3.2 Contextualización do centro:	5
4- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO.....	8
5.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS	9
5.1 OBXECTIVOS RESPECTO AO PROFESORADO.	9
5.2 OBXECTIVOS RESPECTO AO ALUMNADO.	11
5.3 OBXECTIVOS RESPECTO ÁS FAMILIAS E RESTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA.	12
6 . CONTIDOS.....	13
7- COMPETENCIAS.....	14
8-METODOLOXÍA.....	17
9-AVALIACIÓN.	18
9.1 .- AVALIACIÓN DO PROFESORADO.....	18
9.2 AVALIACIÓN DO ALUMNADO.....	19
9.3 AVALIACIÓN DAS FAMILIAS E DO RESTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	20

1-INTRODUCCIÓN

A familia e a escola son os primeiros ámbitos de socialización e de construción dunha cultura que pode cambiar a perpetuar formas de pensamento e de acción social.

Os pais/nais e os profesores/ as son decisivos para a transmisión de valores de respecto, tolerancia e igualdade entre homes e mulleres.

Debido a que familia e escola proporcionan modelos de conduta, a sociedade pide a toda a comunidade educativa a súa participación activa na transmisión dunha cultura que promova a igualdade, o respecto mutuo, a colaboración e o traballo en común sen esquecer que as diferenzas entre os sexos son enriquecedoras e que a igualdade non é a eliminación das diferenzas senón a eliminación de toda discriminación por mor desas diferenzas.

2-XUSTIFICACIÓN

A igualdade entre homes e mulleres preséntase como un principio básico e un dereito fundamental dentro do marco legal da C.E.E., a Constitución Española e o Estatuto de Autonomía da Comunidade de Galicia.

O obxectivo fundamental da educación é o de proporcionar aos nenos e nenas unha formación plena que lles permita conformar a súa propia e esencial identidade. O papel da escola é esencial na adquisición deste obxectivo.

É importante recoñecer que se queremos un futuro de igualdade de condicións entre homes e mulleres nun mesmo espazo empresarial, político, educativo,... é necesario que desde a comunidade educativa e,

sobre todo, desde a nosa actividade como docentes reforcemos o valor da coeducación.

O plan de igualdade ten un claro carácter transversal. Entendemos a igualdade como unha relación de equivalencia, todas as persoas teñen o mesmo valor, e por iso son iguais e é por isto polo que podemos concluír dicindo que: A IGUALDADE ADMITE DIFERENZAS, PERO NON DESIGUALDADES.

3- CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

3.1 Contextualización normativa:

Estatal

- Constitución Española de 1978
- Declaración universal sobre dereitos humanos, Declaración dos dereitos da infancia e Convención sobre os dereitos da infancia.

- Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional
- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o goberno (BOE 14/10/2003. Núm. 246)
- Lei orgánica 3/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (BOE 29/12/2004. Núm. 313)
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (BOE 23/03/2007. Núm. 71)

- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

Autonómica

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.

3.2 Contextualización do centro:

-En relación aos roles exercidos e espazos de representación ocupados por homes e mulleres na Comunidade Escolar.

O noso centro está formado por:

- 9 unidades, 3 de infantil e 6 de primaria e unha relación de postos de traballo de 16 mestres e mestras, dos cales 14 son mulleres e 2 homes
- Tres mestras comparten centro.
- O Equipo Directivo formado por 3 mulleres.
- O Conserxe.
- A coidadora.
- O número de alumnado é 180 distribuído da seguinte forma no curso 19/20:

AULA	MULLERES	HOMES
4º E. Inf.	7	11
5º E. Inf.	6	8
6º E. Inf.	7	7
1º PRIM.	9	12
2º PRIM.	11	12
3º PRIM.	14	11
4º PRIM.	10	13
5º PRIM.	8	14
6º PRIM.	7	13

A participación da muller noutros órganos de goberno diferentes ao equipo directivo é alta, aínda que nalgún é así polo rol dado a elas dende sempre.

- Representantes de pais/nais no consello escolar: 2 mulleres e 1 home
- Representante da ANPA no consello escolar :1 muller.
- A participación nas titorías é superior a das nais que a dos pais

-En relación ao sexismo lingüístico nos documentos do centro:

Analizando a linguaxe utilizada nos documentos e carteis do centro apréciase un uso esaxerado do masculino xenérico para referirse a ambos sexos. Procédese durante estes últimos anos a utilizar o xenérico inclusivo, profesorado, alumnado, cando procede, e de non ser así,ponse o masculino e o feminino.

En canto aos libros de texto e materiais didácticos, aínda que existe unha mellora do uso do feminino queda moito por facer para borrar as

representacións estereotipadas de mulleres e homes e por en valor as contribucións de mulleres ao progreso e a ciencia.

Outro tanto cabería dicir con respecto ás imaxes dos textos e carteis do centro.

-Actitudes ante cuestións de xénero por parte do profesorado:

O profesorado en aspectos relacionados coa perspectiva de xénero promove o trato igualitario para ambos sexos nas tarefas relacionadas co alumnado potencia o desenvolvemento se estereotipos de xénero por exemplo pequenos encargos que se realizan no centro: Delegado/a de aula, facer fotocopias, reparto de material na aula, acompañamento ao servizo...

Actitude ante a linguaxe

Actitude de introdución das achegas femininas nas diferentes áreas.

- En relación coa distribución e uso do patio escolar.

O ano pasado tentamos distribuir os espazos do patio por actividades e cursos, hai que sinalar que o plan non resultou por as numerosas protestas dos nenos que xogan ao fútbol.

O centro dispón dun espazo grande repartido da seguinte maneira:

- Unha zona para infantil con columpios ,unhas casiñas e un areeiro , palas cubos, etc, a utilización dos xoguetes e dos conxuntos de randeiras é por igual.
- Uha horta cultivada por o alumnado sendo a participación voluntaria durante o recreo maioritariamente de nenas.
- Unha pista de fútbol, onde xogan especialmente os nenos e poucas nenas. Este ano estamos pensando en reducila , pensando en que se adica demasiado espazo a un xogo onde a maioría son nenos.

- Unha pista de baloncesto onde o xogo aquí a maioría das veces e por igual, aínda que as veces e especialmente cando a utilizan os nenos de 3º e 4º nivel son maiormente nenos.
- Espazo libre arredor de todas as zonas cunha redistribución espontánea para xogos por todo o alumnado.
- Durante a hora de recreo hai que sinalar que un gran número de nenas optan por xogos máis tranquilos fronte aos nenos que participan en outras actividades moito máis movidas.

4- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO

Neste centro contamos con poucas familias, de distintas culturas, donde se aprecia xa dende pequenos a desigualdade entre homes e mulleres, (vocabulario, costumes, e crenzas) ante estas situacións resulta difícil loitar.

Sen embargo, a maioría das familias e consciente de que este tema débese de abordar dende pequenos e tamén na escola.

A Ampa organizou este ano en colaboración co centro talleres para traballar a igualdade , quedando demostrado o interese das familias.

A pesar de que no centro existe vontade de traballar a promoción da igualdade, non existe un enfoque estratéxico para a planificación e o desenvolvemento da intervención coeducativa, senón que queda á iniciativa do profesorado que está sensibilizado co tema.

O equipo directivo do centro leva a cabo unha aposta firme pola coeducación ao igual que o profesorado, sensibilizado coa igualdade e amósase predisposto a traballar desde a perspectiva de xénero a través tanto da súa implicación en accións puntuais como na práctica diaria.

A formación do profesorado é clave para poder abordar procesos de inclusión da perspectiva de xénero nos contidos e prácticas educativas.

5.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS

A finalidade que perseguimos co desenvolvemento deste proxecto é:

Que os nenos e nenas tomen conciencia das desigualdades por razón de xénero en canto a roles, actividades e actitudes basicamente, para desenvolver unha actitude crítica

ante as mesmas, favorecendo sempre o desenvolvemento da afectividade e as relacións

persoais positivas con ambos os sexos.

Para iso, expoñemos os seguintes obxectivos:

Obxectivos respecto ao profesorado.

→Obxectivos respecto a a familia e o resto da comunidade educativa.

→Obxectivos co alumnado.

5.1 OBXECTIVOS RESPECTO AO PROFESORADO.

- Introducir a coeducación nas diferentes áreas do currículo tanto na etapa de educación infantil como na etapa de educación primaria, realizando as actividades programadas para fomentar a toma de conciencia de valores igualitarios e adoptando unha perspectiva coeducativa en calquera actividade que desenvolvamos na nosa vida cotiá no centro.
- Utilizar unha linguaxe non sexista, non discriminatorio e si inclusivo, nos contextos

comunicativos orais e escritos habituais do centro escolar, eliminando as formas

sexistas da linguaxe que supoñen o uso sistemático do masculino para designar a

colectivos de ambos os sexos e utilizando os termos xenéricos, ou ben utilizando

ambas formas, masculino e feminino

- Reflexionar e tomar unha maior conciencia da importancia que cobra a escola, e

por tanto, do noso labor como docentes para paliar as situacións actuais de

desigualdade que aínda se viven na nosa sociedade actual, pero que tamén se dan

na escola e poder así intervir de forma coeducativa, evitando a reprodución de

estereotipose e tratamentos sexistas que seguimos perpetuando se non os facemos

visibles.

- Adquirir unha maior sensibilización e formación en coeducación tanto na teoría

como na práctica a través de asesorías de persoas expertas mediante a asistencia a

cursos, xornadas, conferencias... e a documentación con material elaborado neste

ámbito.

- Ofrecer ao alumnado referencias masculinas e femininas que lles sirvan de apoio e

orientación, para tratar de que cada neno e cada nena poidan dar un sentido libre á

súa identidade sexual. É dicir, que aprendan que entre os sexos é posible e necesario

unha relación de autonomía e de intercambio, non de derivación ou de subordinación.

- Introducir a Educación Emocional como aspecto fundamental a desenvolver nun proxecto coeducativo.
- Colaborar nas diferentes tarefas educativas que se expoñan, sendo á súa vez,

mediador/a con as familias e o alumnado, e así poder educar en igualdade para

construir unha sociedade máis igualitaria, equitativa, democrática e en consecuencia

mais xusta.

5.2 OBXECTIVOS RESPECTO AO ALUMNADO.

- Fomentar actitudes integradoras de cooperación e respecto entre nenas e nenos.

- Ser capaz de resolver conflitos co diálogo, criticando sempre a violencia.

- Facer visible ao alumnado a desigualdade actual de homes e mulleres na nosa

sociedade tanto en roles e actividades asignadas por razón de sexo como en actitudes,

valores, etc.

- Favorecer que se sensibilicen con estas desigualdades para que sexan capaces de detectalas

nas súas vidas cotiás.

- Facilitarlles a toma de conciencia da inxustiza que estas desigualdades supoñen

para fomentar un xuízo crítico que lles permita cuestionalas.

- Facilitarlles a toma de conciencia de como estas diferenzas afectan tamén a nenos

e nenas, tanto no trato que reciben por parte das persoas adultas como nos

xogos e xoguetes que lles proporcionan.

- Poñer de relevancia os valores e actitudes óptimos para todas as persoas, así como

as actividades que se realizan independentemente do sexo ao que pertencen.

- Potenciar unhas relacións equitativas entre nenos e nenas onde predomine a

afectividade e o trato respectuoso e facilítese a expresión de sentimentos e emocións.

- Aceptar e naturalizar os distintos modelos de familia que se dan na actualidade.

5.3 OBXECTIVOS RESPECTO ÁS FAMILIAS E RESTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

1. Sensibilizar ás familias e á comunidade educativa en xeral da necesidade e

obrigatoriedade de levar a cabo unha proposta coeducativa.

2. Achegar claves e ferramentas para favorecer as pautas educativas nas familias,

promovendo a asunción de modelos coeducativos que garantan a igualdade de oportunidades

entre mulleres e homes.

3. Concienciar ás familias mediante campañas, que deben evitar agasallos e xoguetes

sexistas.

4. Procurar a colaboración da familia tanto para proporcionarnos información como

para achegarnos aqueles que necesitemos en momentos específicos para levar a cabo

actividades coeducativas concretas.

5. Convidar á reflexión colectiva da comunidade educativa nos temas coeducativos

que máis nos preocupan.

6. Facilitarlles o apoio en casa sobre o levado a cabo na escola mediante a achega de documentación adecuada e charlas específicas levadas a cabo polo

profesorado ou persoas expertas no tema.

6 . CONTIDOS.

→ A importancia e necesidade dunha escola inclusiva.

→ A coeducación.

→ A perspectiva coeducativa na acción docente.

→ A educación emocional como base fundamental nun proxecto coeducativo.

→ O trato respectuoso entre os membros da comunidade educativa.

→ O respecto polas persoas, culturas, formas de vida diferentes e modelos de familias

que se dan na actualidade.

→ Contos e libros coeducativos.

→ Series de debuxos animados televisivas coeducativas/ sexistas.

- A repartición de tarefas domésticas.
- A linguaxe sexista.
- Xogos e xoguetes non sexistas.
- As mulleres na historia e os saberes das mulleres.
- A discriminación laboral.
- As profesións.
- A colaboración familia-escola: implicación de nais e pais.
- As desigualdades entre homes e mulleres na sociedade actual.
- Os estereotipos sexistas e de xénero.
- Os deportes coeducativos e sexistas.
- O recoñecemento de personaxes masculinos e femininos de relevancia histórica

7- COMPETENCIAS

No noso plan para e pola igualdade contribuiremos especialmente ao desenvolvemento das seguintes competencias básicas:

- Competencia de comunicación lingüística.

Traballárase este apartado a través do uso adecuado da linguaxe, evitando discriminación por razón de sexo.

Ademais deberían desenvolverse actividades nas que os alumnos e alumnas utilicen a linguaxe para expresar os seus propios sentimentos así como

actitudes de rexeitamento #ante os diferentes tipos de discriminación.

- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico natural.

Traballaremos en clase para favorecer o coñecemento do propio corpo, procurando coñecer as diferenzas entre mozos e mozas; diferenzas que son necesarias coñecer para poder eliminar estereotipos. Teremos especial atención á hora de educar na igualdade sen caer nos roles de xénero nin no xénero como estancos únicos, hai moitas formas de ser e sentirse mulleres ou homes, hai persoas que non senten que o seu sexo biolóxico estea en consonancia coa súa identidade de xénero e persoas con orientacións sexuais diversas (lesbianas, gais, bisexuais e heterosexuais). A nosa sociedade é plural e todas as persoas deben ter os mesmos dereitos independentemente da súa identidade de xénero ou orientación sexual.

- Tratamento da información e competencia dixital.

Debemos ensinar ao noso alumnado para analizar as mensaxes que nos proporcionan

os medios de comunicación con respecto aos roles aplicados ao home e á muller, favorecendo o xuízo crítico ante eles, así como ao modelo de familia heterocentrista que se espera reproduzan tanto mulleres

como homes, invisibilizando así outros modelos de familia igualmente válidos e

que deben estar representados.

- Competencia social e cidadá.

Co presente plan incluído na programación do centro, procuramos fomentar valores e actitudes necesarios para que os nosos alumnos e as nosas

alumnas poidan vivir en sociedade, eliminando todo tipo de violencia e de discriminación

na contorna máis próxima. Pretendemos que adquiran o valor da igualdade, pero non que o entendan como un feito illado que traballaron

un día na escola, senón como unha actitude desexable e necesaria por e para a

sociedade. Isto conseguirase a través da realización de actividades lúdicas e

próximas a eles e incluíndo de forma transversal nos contidos e situacións de aprendizaxe.

Traballaremos desde a práctica, utilizando situacións de aprendizaxe nas que o alumnado poida aprender e xeneralizar a igualdade a outros contextos,

sen esquecer a colaboración das familias que deberán implicarse no devandito plan,

facilitando as súas experiencias nas nosas clases.

- Aprender a aprender.

Contribuiremos ao desenvolvemento desta competencia xa que incluimos neste

plan actividades nas que os nenos e nenas terán que recompilar

información para poder traballar en clase. Analizarán individualmente as distintas situacións e despois expoñeranse en clase, para ser analizadas de forma

grupala.

Potenciaremos o traballo cooperativo para realizar murais e postas en común

en clase, pero non podemos esquecer o desenvolvemento individual do alumnado.

- Iniciativa e autonomía persoal.

Algunhas das nosas actividades no presente plan están orientadas a que os nosos alumnos sexan autónomos tanto en casa como na escola. Isto

formará as bases para que sexan autónomos no día a día. Tamén

potenciaremos a iniciativa no traballo de clase, pedindo persoas voluntarias

para levar a cabo distintas tarefas e sendo recompensados/ as por iso con eloxios

positivos ou calquera outra recompensa que utilizemos en clase (caritas riseiras, selo, etc.) no cuadrante semanal.

8-METODOLOXÍA.

Seguindo na mesma liña de actuación dos proxectos anteriores ao presente que

estamos a desenvolver, temos que dicir en primeiro lugar que:

No noso centro, partiremos dun tratamento da coeducación de forma globalizada

e interdisciplinar, o que significa que traballaremos a coeducación non como

unha materia illada, á marxe do resto de materias que se imparten senón que a

teremos presente en todo momento. Así pois, está presente nos obxectivos,

contidos, espazos e tempos, materiais,...

Tanto na etapa de educación infantil como na etapa de primaria traballaremos cunha metodoloxía aberta e flexible e baseada especialmente no xogo, partindo de que grazas ao xogo podemos conseguir aprendizaxes significativas no noso alumnado. Así mesmo, e desde esta mesma perspectiva realizaremos actividades baseadas nas súas propias experiencias, actividades de reflexión sobre feitos, formulacións de problemas reais e imaxinarios, sempre procurando a participación activa do alumnado.

Ademais sen esquecernos da atención á diversidade considerando as características de cada neno e nena, respectando as súas diferenzas individuais e propoñeremos situacións educativas variadas

9-AVALIACIÓN.

Durante todo o proceso avaliaranse as actividades que se van realizando e a implicación do alumnado, profesorado e familias nas mesmas.

9.1 .- AVALIACIÓN DO PROFESORADO.

- Revisarase o control da linguaxe utilizada nos documentos, clases e reunións.
- Analizarase en Claustro e Consello Escolar a necesidade ou inquietude por seguir

intervindo neste ámbito para expor o proxecto para o curso próximo.

9.2 AVALIACIÓN DO ALUMNADO.

A avaliación do alumnado será unha avaliación continua onde recolleremos os datos

de todas as actividades levadas a cabo segundo o instrumento preparado para cada unha

delas sen esquecermos da motivación e interese do alumnado durante as actividades .

Nela avaliaremos:

- Grao en que se alcanzaron os obxectivos expostos respecto ao alumnado.
- Conciencia sobre a desigualdade entre homes e mulleres entre os roles que exercen, as actividades que realizan, as actitudes...
 - Capacidade de detectar na súa vida cotiá as desigualdades por razón de xénero expresadas anteriormente
 - Capacidade de diferenciar os valores e actitudes positivas das negativas, independentemente de quen as mostre.
 - Grao de asimilación de que os xoguetes e os xogos non están asignados a ningún sexo.
 - Capacidade de xogar con calquera tipo de xoguete e a calquera tipo de xogo (lxicamente ambos os positivos para o seu desenvolvemento) sen ningún tipo de tabú.
- Grao de satisfacción do grupo coas actividades expostas.

- Grao de establecemento dunhas relacións máis equitativas e afectivas, un trato

máis respectuoso con maior expresión de sentimentos inter-xenéricos e intragenéricos.

- Grao de aceptación e naturalización dos distintos tipos de familias.

Obviamente é complexa a cuantificación matemática desta avaliación polas

características concretas do ámbito que estamos a tratar, xa que falamos en gran

medida de toma de conciencia, xuízo crítico, capacidades, actitudes, sentimentos...

Tamén recolleremos nun rexistro anecdótico situacións, reflexións... esporádicas

que realicen onde se observe a toma de conciencia que van adquirindo.

9.3 AVALIACIÓN DAS FAMILIAS E DO RESTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Análise da motivación, interese, participación durante o proceso das familias, a súa

colaboración no proxecto e concienciación en canto a actitudes, linguaxe e aspectos

traballados sobre as desigualdades sociais por razón de xénero traballados fóra do

ámbito escolar.

Tamén elaboraremos unha ficha evaluativa encamiñada a detectar aqueles aspectos

que nos interesen por exemplo:

- O cambio de actitudes de nais e pais respecto a os seus fillos/ as.

ORGANIZACIÓN DO CENTRO

Promover a igualdade de xeito transversal na organización e funcionamento do centro

Integrar a igualdade en todas as áreas, materias e niveis educativos

Implementar o enfoque de xénero na orientación persoal, académica e profesional

Potenciar o traballo en igualdade de oportunidades para establecer relacións de igualdade

ACCÍONS	RESPONS.	TEMP	SI	EP	NO
•Coñecemento íntegro do protocolo de identidade de xénero.					
•Revisión e comprobación que en todos os documentos oficiais do centro (PE, PAT, PAD, plan de convivencia, Nof etc... se contemplan obxectivos destinados ao desenvolvemento da igualdade entre homes e mulleres.					
•Inclusión no PAT, Plan de Acción tutorial actuacións dirixidas a promover a coeducación.					
•Promoción da formación en igualdade do persoal do centro.					
•Promoción da participación do profesorado en prácticas coeducativas.					

•Inclusión no PAT, Plan de Acción tutorial actuacións dirixidas a promover a coeducación.					
•Velar para que a linguaxe e as imaxes empregadas nas comunicacións escritas no centro non conteñan elementos discriminatorios ou sexistas.					
•Detectar situacións de desigualdade que se poidan dar no centro educativo, especialmente na aula.					
•Incorporar a perspectiva de xénero en todas as actuacións que se leven a cabo dende o centro en datas sinaladas (Día da Paz, Día do Libro, Dia dos Dereitos Humanos,.....)					
•Promover e mellorar as actuación e as actividades do día 25 de novembro e do 8 de marzo implicando á comunidade escolar.					
•Realizar un protocolo de actuación básico para a abordaxe da violencia de xénero, condutas discriminatorias e outras condutas contrarias á convivencia.					
•Informar sobre o 016					

ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES.

Realizar un protocolo de actuación básico para a abordaxe da violencia de xénero, condutas discriminatorias e outras condutas contrarias á convivencia.

Realizar campañas de sensibilización dirixidas a toda a comunidade educativa en temas de formación e información sobre xogos, videoxogos e xoguetes non sexistas...

Informar sobre o 016 ,para que serve.

Coñecer por que se celebra o 25 de novembro e o 8 de marzo.

ACCÍONS	RESPONS.	TEMP	SI	EP	NO
• Realizar actividades concretas nas programacións das materias dirixidas a visibilizar as achegas das mulleres á humanidade en diferentes ámbitos.					
•Visibilizar as mulleres na historia, na ciencia, na política, na cultura e no desenvolvemento da sociedade.					
•Fomentar a participación igualitaria nas actividades que se realicen na aula.					
•Organizar sesións de titoría enfocadas a realizar actividades de igualdade e a prevención da violencia de xénero.					
•Participar en obradoiros de prevención da violencia de xénero.					
•Participar en obradoiros de sensibilización e formación en					

ciberacoso e seguridade na rede dirixidos ao alumnado, profesorado e ANPAS.					
<u>XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E DAS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO.</u>					
ACCÍONS	RESPONS.	TEMP	SI	EP	NO
•Crear un espazo na biblioteca do centro relacionado coa igualdade de xénero..					
•Adquirir recursos e materiais coeducativos para o centro.					
•Potenciar o uso de materiais e libros de texto que non conteñan estereotipos sexistas.					
•Crear un banco de materiais coeducativos para compartir no centro escolar.					
•Usar o espazo común do centro sen estereotipos sexistas.					
•Seleccionar libros para a biblioteca con contido afectivo-sexual.					
•Ofrecer un marco para que o alumnado confronte o seu punto de vista en canto aos diferentes roles sociais asignadas a mozos e mozas					

INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR.

ACCÍONS	RESPONS.	TEMP	SI	EP	NO
<ul style="list-style-type: none"> •Potenciar o traballo en igualdade de oportunidades para establecer relacións de igualdade, promover o cambio das relacións entre mulleres e homes e a responsabilidade do profesorado. 					
<ul style="list-style-type: none"> •Realizar campañas de sensibilización dirixidas a toda a comunidade educativa en temas de formación e información sobre xogos, videoxogos e xoguetes non sexistas... 					
<ul style="list-style-type: none"> •Promover no noso alumnado a adquisición de valores encamiñados á igualdade real entre mulleres e homes. 					
<ul style="list-style-type: none"> •Educar ao alumnado de xeito que compartan por igual a responsabilidade en tarefas sociais e familiares. 					
<ul style="list-style-type: none"> •Traballar e desenvolver prácticas educativas comprometidas coa consecución da igualdade real entre mulleres e homes 					

GLOSARIO

Sexo biolóxico	Resultado da integración dos diferentes niveis de sexuación (xenético, gonadal, hormonal, etc) . dá lugar a dúas categorías: neno e nena.
Identidade de xénero	Conxunto de regras e convencións establecidas pola sociedade que definen as pautas de comportamento a seguir polas persoas dun ou doutro sexo. (Rol sexual social)
Identidade sexual	É a identificación persoal e privada cun determinado sexo. (Sentirse muller ou home)
Orientación do desexo	O obxecto do noso desexo é variable, e a forma de orientalo definirá nosa orientación sexual. Existen tres orientacións sexuais: homosexual, bisexual e heterosexual.
Disforia de sexo ou xénero	Desgusto pola propia identidade, biolóxicamente falando. Sófrena as persoas que nacen cun sexo biolóxico que non se corresponde co que psicoloxicamente sente.(Homes que se senten mulleres e mulleres que se senten homes)
Transexual masculino	Home que sente, pensa e actúa como un home aínda que naceuse con xenitais femininos.
Transexual feminino	Persoa que sente, pensa e actúa como unha muller aínda que naceuse con xenitais masculinos.
Transfobia	Medo, odio rexeitamento cara ás persoas transexuais. Maníéstase de moitas maneiras: estigmatización (etiquetaxe social baseada en prexuizos e estereotipos), discriminación, illamento, desigualdade xurídica, violencia.
Intersexual	Que presenta conxuntamente características sexuais dos dous sexos

